

# A PROFESORA

[Jan Hřebejk, 2016]

# 225

ESTREA EN NUMAX: 28.04.2017 | v.o.s.e. | +12

*Učitelka* (2016, 103')

**Dirección:** Jan Hřebejk

**Guión:** Petr Jarchovský

**Elenco:** Zuzana Mauréry, Zuzana Konečná, Csongor Kassai, Tamara Fischer, Martin Havelka, Éva Bandor, Oliver Oswald, Peter Bebjak, Richard Labuda, Ina Gogálová

**Son:** Jirí Klenka

**Vestuario:** Katarína Bieliková

**Montaxe:** Vladimír Barák

**Dirección de arte:** Viera Dandova

**Fotografía:** Martin Ziaran

**Música:** Michal Novinski

**Produtoras:** PubRes, RTVS (Eslovaquia), Česká Televize, Offside MEN (República Checa)

**Distribuidora:** Karma Films

**Formato de proxección:** DCP2K, 1.77:1

**Idioma orixinal:** Eslovaco

## FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

*Icing*, 2014

*Honeymoon*, 2013

*Kawasaki's Rose*, 2009

*Shameless*, 2008

*Teddy Bear*, 2007

*Beauty in Trouble*, 2006

*El amor en tiempos de odio*, 2000

## PREMIOS E FESTIVAIS

Xixón 2016 (mellor banda sonora e dirección artística), Karlovy Vary (mellor actriz), seleccionada en Sección Oficial en Busan, Dubai, Tokyo e Chicago

## SINOPSE

Desde a chegada en 1983 de Maria Drazdechova, unha nova profesora, a un colexio nun suburbio de Bratislava, a vida de pais e alumnos alterouse enormemente. O comportamento corrupto da profesora e o intento de suicidio dun dos estudantes fan que o director do colexio convoque aos pais e nais de alumnos a unha reunión urxente.

«Un filme marcado por interpretacións extraordinarias»

HOLLYWOOD REPORTER



# A PROFESORA

[Jan Hřebejk, 2016]

★  
EUROPA CINEMAS  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

## “O filme trata do medo como proba de carácter”

Entrevista con Jan Hřebejk, director

**Coa atmosfera, estilo e temas que trata, A profesora relaciónase dalgún xeito co teu filme anterior, *El amor en tiempos de odio* (2000). Que foi o que che interesou do guión para decidirte a facer o filme?**

Coñeza a historia desde o momento que sucedeu xa que Petr Jarchovský me falou dela a comezos dos anos oitenta. O noso tema principal é o medo, o oportunismo, a dignidade humana e cousas así.

**Nesta ocasión vas da análise de parellas a temas máis fondos como a afouteza e a calidade do ser humano. Cres que é isto o que lle interesa á xente hoxe en día?**

Por suposto! Se non non teríamos feito o filme. Cando llo ensinamos ao público ten un grande efecto emocional. Días despois atópanse aínda falando del. De partida non é un filme político, mais é complicado evitar a etiqueta.

**Inspirácheste nalgún filme en concreto?**

En realidade non, pero non nos importa se remite a *La clase* (Laurent Cantet, 2008) ou a *Doce hombres sin piedad* (Sidney Lumet, 1957).

**Até que punto foi importante o cásting de nenos? Como atopaches actores mozos tan expresivos e auténticos?** Esa é a clave para unha historia coma esta, o particular aspecto emocional. Estou en débeda con Ingrid Hodálová, directora de cásting, que me recomendou os actores, nenos incluídos.

## NA LIBRARÍA NUMAX

*A clase*, François Négaudeau. Xerais, 2009

**Tes algunha experiencia persoal parecida con manipulacións ou intimidacións?** Non é só un filme sobre a era comunista. Este tipo de dilemas morais, manipulacións e ambigüidades atopámoslos a diario. De feito hai moitos filmes checos que tocan o tema.

**Consultaches con psicólogos algún dos temas que tratas como o acoso por parte do profesorado? Cal é o tema principal d'A profesora?**

Non ten nada que ver cunha profesora que acosa aos seus alumnos. Hoxe en día, mesmo ouvimos falar de casos á inversa. O noso tema principal é o medo como proba de carácter. Do mesmo xeito que o meu anterior filme, *El amor en tiempos de odio*, non trataba do holocausto ou o nazismo, este filme non trata sobre o comunismo ou o acoso por parte dos profesores.

\*\*\*

**“A historia real que inspirou o filme mudou a miña forma de ver o mundo”**

Entrevista con Petr Jarchovský, guionista

**Esta historia sobre unha profesora manipuladora está baseada na túa propia experiencia na escola primaria. Por que decidiches regresar a ela logo de tanto tempo?** A historia real que inspirou o guión d'A profesora ocorreu a finais da década dos 70 e mudou a miña forma de ver o mundo. A loita contra a profesora que fai mal uso da súa posición fainos lembrar dilemas morais específicos da época histórica na

que ocorreron, mais tamén evoca dilemas humanos universais. A base é unha historia real que perdurou na nosa familia pola intensidade coa que a vivimos. Durante anos lembrámola e contámola en varias ocasións. O que ocorreu nunha reunión clandestina de pais foi o que me inspirou para escribir este drama.

**Até que punto están os personaxes e o seu destino baseados en feitos reais ou até onde son ficticios?** A meirande parte dos guiños dalgún xeito están inspirados en feitos reais e, de feito, os meus personaxes teñen uns modelos específicos. A situación dramática clave da historia d'A profesora está ampliada con outros momentos, algúns reais e algúns ficticios, que fan que se enriqueza a historia. Por tanto, o resultado é unha mestura de experiencias e invencións.

**Como viviches cando eras neno o comportamento da profesora. Tiñas medo dela ou, pola contra, sabía manter un rostro amábel?** Na vida real a profesora levaba unha carauta maternal pero as súas accións eran moito máis primitivas cás do personaxe do filme. Para facelo máis duradeiros démoslle unha certa sofisticación, intelixencia e *sex appeal*.

**Cal cres que era a súa verdadeira motivación?** Semellante ao da profesora do filme. Creo que estaba convencida de que non había nada malo en todo isto. Consistía nun beneficio mutuo, mais os resultados deste modelo son destrutivos. Por desgraza era algo que existía daquela e aínda segue a existir.

Publicado en <https://karmafilms.es/>  
Tradución: Xan Gómez Viñas

